

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO

**4026** *Real decreto 232/2015, do 27 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 261/2002, do 8 de marzo, polo que se aproban os estatutos xerais do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación.*

O artigo 4.2 da Lei 2/1974, do 14 de febreiro, sobre colexios profesionais, establece que a fusión, a absorción, a segregación, o cambio de denominación e a disolución dos colexios profesionais da mesma profesión serán promovidos polos propios colexios, de acordo co disposto nos respectivos estatutos. Porén, os vixentes estatutos xerais do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación, aprobados polo Real decreto 261/2002, do 8 de marzo, non conteñen ningunha previsión que regule a súa eventual transformación nun colexio de estrutura múltiple. A presente reforma pretende, xustamente, encher este baleiro incluíndo un novo capítulo en que se regule o correspondente procedemento de segregación dunha demarcación territorial do colexio único estatal como paso previo á súa eventual transformación nun colexio de estrutura múltiple, así como adecuar plenamente o seu contido á Sentenza do Tribunal Constitucional 201/2013, do 5 de decembro de 2013, relativa ao recurso de inconstitucionalidade 8434-2006 interposto en relación con diversos preceptos da Lei do Parlamento de Cataluña 7/2006, do 31 de maio, do exercicio de profesións tituladas e dos colexios profesionais, en conexión co artigo 125 da Lei orgánica 6/2006, do 19 de xullo, de reforma do Estatuto de autonomía de Cataluña.

Na dita sentenza, o Tribunal Constitucional declara parcialmente inconstitucional a disposición transitoria quinta da Lei 7/2006, do 31 de maio, do Parlamento de Cataluña, do exercicio das profesións tituladas e dos colexios profesionais, que prevía un proceso de segregación das delegacións catalás do colexio único estatal, e resolve precisamente que, en razón de que afecta un colexio de ámbito estatal, ese proceso se deberá axustar ao previsto nas normas organizativas aplicables aos colexios estatais, concretamente ao sinalado no artigo 4.2 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro. De acordo con esa sentenza do Tribunal Constitucional (F.X.10), a estrutura organizativa a que se deba axustar cada colexio profesional é cuestión que forma parte da autonomía de decisión que corresponde aos propios profesionais e deberase realizar de conformidade co procedemento previsto na normativa que resulte aplicable, en función do ámbito territorial do colexio de que se trate. No suposto que nos ocupa, e precisamente en razón de que afecta un colexio de ámbito estatal, ese proceso deberase axustar ao previsto nas normas organizativas aplicables aos colexios estatais, concretamente ao sinalado no artigo 4.2 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro.

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia que o artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución lle atribúe ao Estado e de conformidade co establecido no artigo 6.2 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro.

Na a súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 27 de marzo de 2015,

DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación de Real decreto 261/2002, do 8 de marzo, polo que se aproban os estatutos xerais do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación.*

O Real decreto 261/2002, do 8 de marzo, polo que se aproban os estatutos xerais do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación, modifícase como segue:

Un. Modifícase a disposición derradeira primeira, que pasa a ser disposición adicional única, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional única. *Ámbito territorial do Colexio.*

O ámbito territorial do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación establecido no artigo 3 dos estatutos enténdese sen prexuízo do que poida resultar tras o proceso de segregación dunha ou varias demarcacións territoriais e a súa posterior constitución en colexio independente.»

Dous. Renumérase a disposición derradeira segunda como disposición derradeira única.

**Artigo segundo.** *Modificación dos estatutos xerais do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación.*

Os estatutos xerais do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación, aprobados polo Real decreto 261/2002, do 8 de marzo, modifícanse como segue:

Un. O artigo 3 queda redactado como segue:

«Artigo 3. *Ámbito persoal e territorial.*

1. O Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación agrupará aqueles que posúan a titulación legalmente exixida para o exercicio da profesión de enxeñeiro de telecomunicación nos termos previstos no artigo 6. Tamén agrupará aqueloutras persoas a que se refire o capítulo II destes estatutos nos termos previstos neles.

2. O ámbito do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación é estatal e ten como principio fundamental da súa organización territorial a unidade colexial, compatible coa autonomía dos seus órganos nas distintas demarcacións territoriais, e a solidariedade entre todas elas, sen prexuízo do establecido na disposición adicional única do real decreto de aprobación dos presentes estatutos xerais.»

Dous. O número 1 do artigo 19 queda redactado como segue:

«1. O Colexio, para o mellor desenvolvemento, funcionamento e cumprimento dos seus fins, organízase territorialmente en demarcacións territoriais.»

Tres. Engádese un novo capítulo XI coa seguinte redacción:

«CAPÍTULO XI

### **Da segregación de demarcacións territoriais**

Artigo 78. *Da segregación.*

1. As demarcacións territoriais do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación, constituídas consonte o disposto no artigo 21 destes estatutos xerais, e nos termos en que se desenvolva o correspondente procedemento no Regulamento xeral de réxime interior, poderán instar a súa segregación do colexio único para constituíren un colexio profesional independente.

2. Para tal efecto, a Xunta de Goberno territorial, por petición de, ao menos, a metade dos Colexiados adscritos á demarcación territorial, convocará unha sesión extraordinaria da asemblea territorial para someter a proposta de segregación á decisión dos Colexiados e aprobar un protocolo de segregación. Tanto a proposta como o protocolo, cuxo contido poderá desenvolver o Regulamento xeral de réxime interior do Colexio, deberán recoller, ao menos, os seguintes aspectos:

- a) Memoria xustificativa, con expresión dos motivos en que se fundamenta a necesidade e conveniencia da creación do novo Colexio profesional;
- b) Estudo de viabilidade económica tanto da corporación existente como da de nova creación, con delimitación dos dereitos e obrigas económicos e patrimoniais que correspondan a cada un deles; e
- c) Compromiso notarialmente suscrito de todos os propoñentes de afrontar as cargas patrimoniais que deriven da segregación.

3. A sesión extraordinaria da asemblea territorial requirirá para a súa válida constitución a concurrencia, entre presentes e representados, de, ao menos, a metade dos Colexiados adscritos á demarcación territorial, en única convocatoria. Para adoptar o acordo de segregación do Colexio único requirirase o voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes.

4. Unha vez aprobada pola asemblea territorial a proposta de segregación, será remitida á Xunta de Goberno do Colexio, que requirirá o informe previo do Consello do Colexio.

5. Posteriormente, a Xunta de Goberno convocará unha sesión extraordinaria da Asemblea Xeral de Colexiados que se pronunciará sobre a segregación acordada pola demarcación territorial e verificará que os termos e as condicións do acordo se axustan ao disposto nos estatutos xerais e, de ser o caso, no Regulamento xeral de réxime interior. A Asemblea Xeral poderase opor á proposta de segregación por razóns de legalidade, material ou formal, ou por causa de notorio prexuízo para os intereses da corporación, en particular de carácter patrimonial, e expresará en todo caso os motivos en que se fundamenta a súa oposición.

6. O acordo que adopte a Asemblea Xeral do Colexio sobre a petición de segregación dunha demarcación territorial comunicarse ao ministerio de adscrición, con traslado do expediente instruído pola corporación para que, de ser o caso, o aprrobe o Goberno, de acordo co disposto no artigo 4.2 da Lei 2/1974, do 13 febreiro, sobre Colexios profesionais.»

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto e a modificación dos estatutos xerais do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación que se aproba entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de marzo de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo,  
JOSÉ MANUEL SORIA LÓPEZ